



CONGRESO INTERNACIONAL
**CONTEMPORÁNEAS: POLÍTICAS, TRABALLADORAS
E CONSTRUTORAS DE SOCIEDADE**

Santiago de Compostela, 20 e 21 de Outubro de 2022

**DÚAS SEMENTES, UN MESMO CULTIVO:
o papel de Juana de Vega e Rosalía de Castro na creación do manicomio
de Conxo¹**

Noelia Valiño Vázquez

Grupo Histagra, Universidade de Santiago de Compostela

España

noelia.valino@rai.usc.es

SESIÓN Nº3: Mulleres e sociedade

Resumo: o presente traballo ten como principal obxectivo outorgar unha ollada ao mundo da tolemia na sociedade galega de finais do século XIX, utilizando como fío condutor as achegas que neste ámbito realizaron dúas mulleres sobranceiras: Juana de Vega e Rosalía de Castro. Así, a través dos esforzos da Condessa de Espoz y Mina, e das páxinas da novela *El primer loco. Cuento extraño*, daremos conta de como ambas mulleres aportaron o seu gran de area para solucionar un problema que Galicia viña atravesando dende tempo atrás,

¹ Este traballo enmárcase na redacción da tese titulada “Vida e reclusión nos centros psiquiátricos na Galicia do franquismo: unha ollada dende as marxes da ditadura”, desenvolvida dentro do programa de doutoramento en Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela.

a necesidade de construír un manicomio no antigo mosteiro de Conxo para acoller aos enfermos mentais das catro provincias galegas.

Palabras chave: Juana de Vega; Rosalía de Castro; tolemia; Galicia; manicomio de Conxo.



Introdución

Dende a Ilustración asistimos a un proceso vital para a psiquiatría, pois por primeira vez, médicos e intelectuais comezaron a analizar todos os aspectos relacionados coa tolemia á marxe do mundo das crenzas sobrenaturais e das supersticións que a caracterizaran ata o momento², tratando de proporcionarlle unha definición e un modelo de xestión. Este proceso marcou o punto de partida dunha serie de propostas, debates e lexislacións que ao longo do tempo determinaron o transcurso da tolemia en países como España, Francia ou Reino Unido.

Neste contexto xeral Galicia supuxo unha excepción, pois a súa situación xeográfica, as súas elevadas taxas migratorias e a súa tardía industrialización, determinaron unha lenta evolución da psiquiatría galega con respecto á do resto de España. Así, no pobo galego perdurou durante boa parte do século XIX unha maneira de entender a tolemia dende o mundo supersticioso e máxico, dando lugar a unhas taxas moi reducidas, pois por exemplo entre 1846 e 1847 contabilizáronse nas catro provincias galegas un total de 463 dementes, dos que só 50 estaban internados³. Unhas cifras que mostran ademais a tolerancia galega cara ao tolo/a, ou o que é o mesmo, a aceptación dos dementes a nivel familiar, de aldea ou de parroquia, o que permitía que estas persoas permaneceran no

² FERNÁNDEZ, A. (2022), "Atención psiquiátrica en Galicia en el siglo XIX: crónica sobre la fundación del «Manicomio de Conxo»", *Cultura de los Cuidados: Revista de Enfermería y Humanidades*, p. 54.

³ *Ibid.*, pp. 54-56.

domicilio en lugar de ser enviadas a cárceres, hospitais provinciais ou manicomios doutras zonas de España. Esta tolerancia e comportamento da sociedade galega, non se comprende sen ter en conta o carácter rural da Galicia do século XIX, un territorio con escasa presenza de médicos e cunha tradición moi arraigada e ligada ao mundo dos demos e espíritos malignos que, seguindo a interpretación dos nosos antepasados, eran causantes de patoloxías mentais⁴.

“Son enfermos, unos del cuerpo, otros del alma, que vienen a curarse con exorcismos y oraciones, ya que la medicina no puede hacer el milagro de aliviar males que no tienen remedio”⁵. Como acertadamente sinalou Rosalía de Castro, a cura de todos aqueles males provocados por espíritos ou demos, entre os que se encontraba a tolemia, consistía no exorcismo realizado por un sacerdote que, mediante o emprego de bebidas, lecturas de evanxeos, reliquias, auga bendita..., trataba de extraer do corpo o ser maligno causante dos estraños comportamentos do afectado⁶.

Cómpre matizar que no caso dos dementes furiosos, e ao longo do século XIX, sobre todo a medida que se foron promulgando as diversas lexislacións en materia de asistencia a este tipo de enfermos⁷, foi habitual internalos en espazos como cárceres provinciais ou de partido, asilos, depósitos municipais, hospitais provinciais, etc, cuxa característica principal era a ausencia dunhas condicións hixiénicas e de seguridade mínimas. Esta práctica combinábase co envío de dementes aos establecementos psiquiátricos doutras zonas de España como o manicomio de Valladolid ou o de San Baudilio de Llobregat⁸. Polo tanto, a Galicia do século XIX preséntasenos como un territorio cunha dobre faceta á hora de afrontar a asistencia aos seus dementes que, co paso do tempo, deu lugar a unha toma de conciencia social a favor da creación dun establecemento psiquiátrico galego, un proceso no que participaron importantes médicos da época pero tamén moitos

⁴ COUSELO, A. (2001), “Una aproximación a la asistencia social al loco en la Galicia del XIX: el Sanatorio de Conxo”, en BALBOA, X. e PERNAS, H. (coords.), *Entre nós: estudos de arte, xeografía e historia en homenaxe ó profesor Xosé Manuel Pose Antelo* (pp. 1093-1110), Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, pp. 1093-1095.

⁵ CASTRO, R. (2008), *El primer loco. Cuento extraño*, Madrid: Eneida, p. 18.

⁶ COUSELO, A. *op. cit.*, p. 1095.

⁷ Referímonos a normativas como a Lei de Beneficencia de 1822, a de 1849 ou o Real Decreto de 1885, que determinaron a necesidade de que o Estado e as deputacións asumiran a asistencia aos enfermos mentais no seu propio territorio.

⁸ GONZÁLEZ, E. e SIMÓN, D. (2001), “Una historia de la psiquiatría gallega en el siglo XX”, *Archivos de Psiquiatría*, pp. 107-109.

intelectuais, destacando de maneira significativa dúas mulleres: Juana María de Vega (Condesa de Espoz y Mina) e Rosalía de Castro.

A tolemia na política española do século XIX

Á marxe do que acontecía na poboación galega, a elite médica e política española acolleu rapidamente o cambio de mentalidade respecto á tolemia propiciado dende a Ilustración, dando lugar a un conxunto normativo confeccionado ao longo do século XIX a fin de ofrecer o modelo máis apropiado para xestionala en todos os seus aspectos: concepción, tratamento, acollida, etc.

A Lei de Beneficencia promulgada o 6 de febreiro de 1822, supuxo o punto de partida deste marco normativo. Ao longo dos seus artigos observamos a influencia dos principais postulados do tratamento moral dos alienistas franceses, así como o espírito de converter a asistencia aos tolos nunha competencia do Estado, o que esixía a creación dunha rede de institucións públicas que cumprisen con este fin. Concretamente, a lei propoñía a creación dunha casa pública para acoller e curar todo tipo de patoloxías mentais, que podería ser común a dúas ou tres provincias en función da súa poboación, distancia, recursos.... Nestas os enfermos estarían separados en departamentos diferentes en función do seu xénero e do carácter e período da súa enfermidade⁹. Ademais, a lei inclúa outros aspectos significativos como: a relevancia do traballo manual no tratamento do enfermo; a prohibición do encerro continuado, da aspereza no trato e do emprego de cadeas, gritos ou golpes; a dependencia municipal destas institucións; a obrigatoriedade de ocupar un médico o cargo de director das casas¹⁰; a posibilidade de que os particulares abrisen as súas propias casas de tolos, sempre e cando se sometieran á inspección da Xunta de Beneficencia; o prezo que debían pagar os enfermos que podían costear a súa curación; as atribucións dos facultativos; a orde e o tempo das visitas; ou a alimentación dos enfermos¹¹.

O retorno dos absolutistas ao poder no 1823 trincou a posta en práctica desta lei, ao ser abolidas as súas disposicións. Ademais, este cambio político supuxo o retorno das solucións tradicionais e do papel da Igrexa na beneficencia e na xestión da tolemia.

⁹ GONZÁLEZ, E. (1995), *Historia de la locura en España. Tomo II*, Madrid: Temas de Hoy, pp. 204-205.

¹⁰ APARICIO, V. e SÁNCHEZ, A. E. (1997), "Norma y ley en la psiquiatría española (1822-1986)", en APARICIO, V. (coord.), *Orígenes y fundamentos de la Psiquiatría en España* (pp. 21-42), Madrid: ELA, p. 26.

¹¹ GONZÁLEZ, E. *op. cit.*, p. 204.

Haberá pois, que agardar ao 1836 para que o goberno de Mendizábal restableza a Lei de Beneficencia de 1822, comezando así a facerse realidade, aínda que nun entorno hostil debido ao problemas financeiros que atravesaba o país¹².

Dez anos despois, dúas Reais Ordes de 1846 achegaron novas orientacións respecto á clasificación, réxime económico e funcionamento interno das institucións asistenciais españolas. A clasificación deixábase nas mans dos xefes políticos provinciais, que debían agrupar estes establecementos en provinciais, municipais ou locais. Do réxime interno ocuparíanse as Xuntas de Beneficencia, e do manexo económico dos establecementos un “mayordomo”, cargo que asumiría o capelán de cada institución¹³. A maiores, determinouse que as Xuntas de Beneficencia se encargaran da asistencia dos enfermos mentais pobres do Censo de Beneficencia en todo o territorio nacional, un proxecto difícil de cumprir debido aos escasos medios cos que contaban as Corporacións Provinciais¹⁴.

1846 foi tamén o punto de partida dun proxecto crucial para a psiquiatría española do século XIX, o “manicomio modelo”, cuxa orixe a encontramos nunha reunión co gallo dunha visita á Facultade de Medicina de Madrid dos doutores Orfila, Pedro Castelló e Pedro Matra. O principal obxectivo consistía en elaborar un exemplo a seguir para os futuros manicomios que se construíran en España. No 1847 unha Real Orde creou oficialmente o “manicomio modelo”, e aínda que orixinalmente se propuxo a edificación de 6 manicomios nacionais¹⁵, soamente se converteu nunha realidade o manicomio Santa Isabel de Leganés, inaugurado no 1852 cunha capacidade de 50 ou 60 enfermos¹⁶.

Un momento de inflexión importante neste percorrido normativo representouno a Lei de Beneficencia do 20 de xuño de 1849 (cuxo reglamento xeral para a súa posta en práctica se publicou o 14 de maio de 1852), pois tratou de conceder un carácter público ás institucións e á asistencia manicomial española. Así, a lei encargaba ao propio Estado o goberno e a organización dos establecementos de dementes, e pretendía planificar e reglamentar dunha maneira uniforme toda a asistencia psiquiátrica española. Tamén determinaba: a creación e composición dunha Xunta Xeral en Madrid, de Xuntas

¹² GONZÁLEZ, E. *op. cit.*, pp. 205-239.

¹³ *Ibid.*, p. 252.

¹⁴ SIMÓN, D. (2002), “Las celdas de dementes del Hospital Provincial: Ourense, 1896-1897 (Apuntes sobre la hospitalización psiquiátrica en la España periférica del fin del siglo XIX)”, *Frenia*, pp. 51-52.

¹⁵ GONZÁLEZ, E. *op. cit.*, pp. 245-253.

¹⁶ SIMÓN, D. *op. cit.*, p. 52.

Provinciais nas capitais de provincia e de Xuntas Municipais nos pobos, para colaborar co Goberno en materia de beneficencia; a aceptación por parte dos establecementos públicos e particulares da inspección levada a cabo por representantes gobernamentais; e a capacidade do Goberno para crear ou suprimir establecementos de beneficencia¹⁷. Non obstante, o Estado axiña tratou de modificar a situación establecida por esta lei, pois a través dunha Real Orde do 27 de xuño de 1864, deixou nas mans das deputacións a reclusión dos dementes pobres¹⁸, o que levou a varias deputacións de toda España a poñer en marcha proxectos para construír establecementos psiquiátricos, mentres outras seguiron costeando a estadia dos seus dementes nos manicomios de Valladolid, Toledo, Zaragoza...¹⁹.

No 1885 viu a luz un Real Decreto que pretendía regular o internamento nos establecementos psiquiátricos, establecendo unha serie de requisitos legais imprescindibles para efectualo. O Decreto recollía dous tipos de hospitalidade: observación e reclusión definitiva. No primeiro dos casos, a admisión dun paciente requiría a petición do ingreso por parte do parente máis próximo ou representante legal, que debía xustificar a necesidade da reclusión mediante o certificado de dous médicos, visado polo subdelegado de sanidade do distrito e informado polo alcalde. Precisaba a normativa, que soamente serían recibidos aqueles enfermos nos que se demostrase unha verdadeira urxencia, debendo permanecer nos seus domicilios os casos nos que a enfermidade non supuxese perigo nin para os restantes membros da familia nin para a sociedade, a excepción de que solicitase o seu ingreso en observación un Xulgado²⁰.

Para os casos máis urxentes, o Decreto determinaba que: “Las Diputaciones provinciales y los Ayuntamientos cuidarán de habilitar un local con las convenientes condiciones para recluir a los dementes en observación, donde puedan permanecer hasta que se le conduzca a un manicomio en clase de reclusos permanentes”²¹. Resultado desta disposición foi o xurdimento dos departamentos de observación de dementes, establecidos nos diferentes hospitais provinciais e municipais españois, nos que os

¹⁷ Lei de Beneficencia do 20 de xuño de 1849, *Gaceta de Madrid*, nº 5398, pp. 1-2; Reglamento Xeral do 14 de maio de 1852 para a execución da Lei de Beneficencia do 20 de xuño de 1849, *Gaceta de Madrid*, nº 6537, pp. 2-4.

¹⁸ GONZÁLEZ, E. e SIMÓN, D. *op. cit.*, p. 109.

¹⁹ GONZÁLEZ, E. *op. cit.*, p. 294.

²⁰ Real Decreto do 19 de maio de 1885, *Gaceta de Madrid*, nº 141, p. 1.

²¹ Artigo 3º do Real Decreto do 19 de maio de 1885, *Gaceta de Madrid*, nº 141, p. 1.

enfermos se sometían a observación por un período de 3 meses ou 6 nos casos dubidosos. Transcorrido este tempo, o médico correspondente elaboraba un certificado do enfermo, determinando o seu destino que, en moitos casos, implicaba a reclusión definitiva. Cómpre matizar que o Decreto recoñecía ademais a posibilidade de que tanto o tempo de observación como a custodia dos dementes puidera quedar nas mans dos propios particulares, sempre e cando se notificase debidamente ao gobernador civil ou ao alcalde da localidade, e se asumise a responsabilidade respecto aos danos que puidesen ocasionar os enfermos²².

Ante as disposicións establecidas pola nova normativa, non tardaron en xurdir as primeiras críticas da man de diferentes psiquiatras. Estes argumentaban que o Decreto posuía un excesivo carácter xurídico, e influía negativamente no labor asistencial ao retrasar e burocratizar o tratamento manicomial dos enfermos²³. Os psiquiatras alienistas foron máis aló ao converter a súa crítica en demanda, solicitando unha lexislación que primase os criterios médicos en lugar dos administrativos e que permitise unha maior flexibilidade xurídica á hora de realizar un ingreso ou conceder a alta dun paciente²⁴.

Este percorrido lexislativo permítenos comprender como: “El siglo XIX consolidará el paso de un régimen de caridad religiosa y particular a un sistema de beneficencia pública asumido por el Estado”²⁵. No medio deste longo camiño, que facilmente poderíamos cualificar “de pedra” parafraseando ao célebre Celso Emilio Ferreiro, o exemplo de Galicia resulta ilustrativo, pois á par de cada normativa foi desenvolvendo a súa propia psiquiatría, que acadou un punto de inflexión coa apertura do manicomio de Conxo no 1885. Non obstante, a creación desta institución non foi un proceso nada sinxelo, polo que cómpre revisar detidamente os avatares transcorridos entre o xurdimento da idea do proxecto no 1858 e a inauguración do manicomio no 1885.

Juana de Vega e os inicios do proxecto

Os antecedentes da idea de crear un manicomio en Galicia xa os encontramos nos anos 20, concretamente no 1821, cando a Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago de Compostela elaborou un informe no que sinalaba a posibilidade de empregar

²² Real Decreto do 19 de maio de 1885, *Gaceta de Madrid*, nº 141, p. 1.

²³ SIMÓN, D. *op. cit.*, pp. 52-53.

²⁴ CAMPOS, R. e HUERTAS, R. (1998), “Estado y asistencia psiquiátrica en España durante el primer tercio del siglo XX”, *Asociación Española de Neuropsiquiatría*, p. 100.

²⁵ COUSELO, A. *op. cit.*, p. 1098.

a habitación alta do Convento de San Lázaro como hospital de dementes²⁶. Neste momento esta proposta non se tivo en conta porque os representantes políticos dirixían a súa mirada case exclusivamente cara aos tres grandes problemas que afectaban á sociedade: pobreza, fame e mortalidade infantil²⁷.

Haberá que esperar aos anos 50 para que, da man de Juana de Vega, o proxecto de dotar a Galicia cun establecemento psiquiátrico cobre consistencia. Aproveitando a viaxe da raíña Isabel II e do seu esposo Francisco de Asís a Santiago no 1858, co gallo de inaugurar as obras do ferrocarril que uniría Galicia e Madrid, Juana de Vega propón á raíña a creación dun manicomio en Conxo para acoller aos dementes de toda Galicia. Isabel II recibiu con beneplácito a iniciativa, encargando a súa realización ao presidente do Consello de Ministros²⁸.

Para comprender o papel desempeñado por Juana de Vega nos inicios do proxecto do manicomio de Conxo, así como a proposta realizada á raíña, é preciso ter en conta unha serie de factores vinculados ás peripecias vitais da propia Juana de Vega e ao contexto no que se encontraba inmersa Galicia. En primeiro lugar, unha das principais características da Condesa foi a súa vinculación co labor benéfico, social e educativo. Son múltiples os exemplos que poderían ilustrar toda esa traxectoria filantrópica: o papel desempeñado no episodio de cólera na cidade de A Coruña no 1854, axudando nas enfermerías, escribindo a médicos destacados ou ás súas influencias; a proposta no 1856 dun proxecto para mellorar as condicións dos nenos expósitos; a introdución de medidas vantaxosas no Hospital Real de Santiago; a denuncia no 1858 da mala calidade do pan que se lle subministraba ás persoas acollidas no Hospicio coruñés; a fundación no 1864 dunha escola gratuíta para a ensinanza de adultos na rúa Real (A Coruña); a inclusión no seu testamento dunha dotación económica para crear unha escola de párvulos en A Coruña, da que se beneficiarían os nenos pobres do pobo, así como dunha granxa-escola de agricultura; ou a extensión por toda Galicia das Hermanas da Caridade como persoal de hospitais e hospicios²⁹.

²⁶ COUSELO, A. *op. cit.*, pp. 1098-1099.

²⁷ GONZÁLEZ, E. e SIMÓN, D. *op. cit.*, pp. 104-105.

²⁸ Carta de Juana de Vega enviada ao redactor do *Diario de La Coruña* en decembro de 1858, consultada en: FERNÁNDEZ, C. (1993), *Juana de Vega, Condesa de Espoz y Mina (biografía)*, A Coruña: Fundación Juana de Vega, pp. 159-160.

²⁹ VEIGA, X. R. (2018), "Modelos de feminidad con varón al fondo. Juana de Vega, condesa de Espoz y Mina, en la cultura política progresista del siglo XIX", *Historia Contemporánea*, pp. 67-68.

En segundo lugar, o estreito vínculo existente entre Juana de Vega e a raíña Isabel II, pois entre 1841 e 1843 ocupou o cargo de Aya Real de Isabel e Luisa Fernanda, e no 1842 foi nomeada Camareira Maior de Palacio. Durante estes anos Juana encargouse da educación e do coidado das dúas meniñas, xurdindo un profundo cariño e conexión entre a Condesa, a futura raíña e a Infanta Luisa Fernanda³⁰. Dous claros exemplos desta proximidade foron a concesión a Juana de Vega por parte da raíña do cargo de Viceprotectora dos Establecementos de Beneficencia de Galicia en xaneiro de 1856, así como do título de Duquesa da Caridade con Grandeza de España³¹ pola súa participación no episodio de cólera que asolou A Coruña no 1854³².

En terceiro lugar, debemos ter en conta o entorno de Juana de Vega, sempre nutrido de personalidades do liberalismo, dende a nenez debido ás influencias do seu pai, Juan Antonio de la Vega, e como esposa tras o casamento con Francisco Espoz y Mina. Así por exemplo, mentres ocupou o cargo de Aya Real e Camareira Maior de Palacio, visitou varios establecementos de beneficencia madrileños³³. Tanto o contemplado en Madrid como en Londres durante o desterro de Mina, servíranlle para tomar conciencia da necesidade de crear en Galicia un establecemento propio para a acollida dos seus dementes.

En cuarto lugar, a necesidade de que Galicia contase cun manicomio fíxose cada vez máis evidente. Nas cartas enviadas no 1858 ao redactor do *Diario de La Coruña*, ao Gobernador Civil de A Coruña e ao Ministro da Gobernación, Juana defendeu a conveniencia de construír un establecemento psiquiátrico en Galicia atendendo: á urxencia de evitar que se repetiran episodios como o acontecido no Hospicio Provincial de A Coruña, no que un demente, cualificado como pacífico no momento do seu ingreso, propiciou un golpe a un ancián de 80 anos, provocándolle a morte; á gran extensión de Galicia e aos gastos que debían afrontar as provincias galegas para custear a estancia dos seus enfermos en manicomios como o de Valladolid ou o de Zaragoza, implicando isto tamén a apertura dunha tremenda brecha territorial ao afastar estes enfermos da súa comunidade e familia; e a inadecuación de espazos como cárceres, hospicios ou hospitais

³⁰ DURÁN, J. A. (ed.), (2006), *Los Vega. Memorias íntimas de Juana de Vega, condesa de Espoz y Mina (Coruña, 1805-1872)*, Madrid: SECC-Fundación Juana de Vega-Taller de ediciones J.A. Durán, pp. 191-333.

³¹ Este cargo non foi aceptado por Juana de Vega, renunciando ao mesmo a través dunha carta que escribiu días despois da concesión.

³² FERNÁNDEZ, C., *op. cit.*, p. 127.

³³ VEIGA, X. R. *op. cit.*, pp. 54-55.

cívís para acoller aos dementes galegos e evitar que se produzan acontecementos traumáticos³⁴.

O derradeiro aspecto a ter en conta é a elección de Juana de Vega do antigo mosteiro de Conxo como o espazo apropiado no que establecer o manicomio galego. Pensaba a Condesa que era idóneo debido á súa proximidade respecto da Facultade de Medicina de Santiago, o que propiciaría un gran impulso educativo para os estudantes de medicina. Ademais, abría a posibilidade de que os enfermos permaneceran cerca das súas familias, e supoñía unha significativa redución económica, ao cesar o envío de dementes aos establecementos doutras cidades españolas, que eran custeados polas catro provincias galegas³⁵. A estes aspectos podemos engadir outros de vital importancia como a posesión dun recinto amplo, abundante auga e a posibilidade de establecer unha separación de sexos³⁶.

Esta semente cultivada por Juana de Vega axiña deu os seus froitos, pois en marzo de 1862 o gobernador de A Coruña, Ramón María Suárez, elevou a petición da construción dun manicomio no antigo mosteiro de Conxo. Grazas aos precedentes asentados pola Condesa coa raíña, a petición do gobernador foi admitida, o que deu lugar a unha reunión do apoderado do Cardeal García Cuesta (arcebispo de Santiago), dos alcaldes de Santiago e Conxo³⁷ e do arquitecto provincial. Nesta chegouse a acordo para a cesión do mosteiro e do seu terreo ao Estado, o que quedou oficiado mediante as Reais Ordes de 25 abril de 1862 e do 30 de setembro de 1865, concedéndose ademais unha dotación económica de 1.500.000 pesetas para levar a cabo o proxecto³⁸.

Malia esta negociación, os acontecementos históricos acaecidos (Gloriosa Revolución, Primeira República, Restauración Borbónica...), retrasaron a realización do proxecto varias décadas, e non foi ata os anos 70 cando o novo arcebispo de Santiago de Compostela, o Cardeal Miguel Payá y Rico, conseguiu finalmente sacar adiante a proposta, creando en Conxo o primeiro establecemento psiquiátrico de Galicia³⁹.

³⁴ Cartas de Juana de Vega consultadas en: FERNÁNDEZ, C. *op. cit.*, pp. 159-162.

³⁵ FERNÁNDEZ, C., *op. cit.*, p. 161.

³⁶ COUSELO, A. *op. cit.*, p. 1100.

³⁷ Conxo foi concello propio ata o 1925, momento no que pasou a formar parte de Santiago de Compostela.

³⁸ COUSELO, A. *op. cit.*, p. 1099.

³⁹ TORRES, M. (2010), "Cuentas del manicomio de Conxo: 1885-1924. Historia de un préstamo hipotecario", *Siso-Saúde*, p. 30.

A contribución rosaliana ao proxecto: *El primer loco. Cuento extraño*

Como sinalábamos, a creación do manicomio de Conxo foi demandada por diferentes intelectuais da época, dende médicos destacados como José López de la Vega, ata membros da Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago. Rosalía de Castro foi unha destas personalidades, realizando a súa contribución ao proxecto iniciado pola súa coetánea Juana de Vega dende as páxinas da súa obra *El primer loco. Cuento extraño*, redactada no 1881.

Toda a trama da novela xira en torno ao antigo mosteiro de Conxo, un dos lugares predilectos da autora, de aí que a obra se inicie cunha alusión ao sentimento de Rosalía por este espazo: “¡Ya puedo respirar libremente... ya me encuentro en mi verdadera atmósfera! Sólo aquí, en este lugar de mis predilecciones, en mi quinta Abacial, tan llena de encantos y de misterio, puedo calmar, en parte, la inquietud que me devora el alma... [...] Adoro de la manera más pagana los altos castaños y los añosos robles y encinas del bosque, bajo cuyas ramas suelo vagar día y noche con el recogimiento con que podría hacerlo el antiguo druida, cuando el astro nocturno estaba en su plenilunio, y amo este claustro y profeso a estos arcos, a estas plantas y piedras, el mismo apego que el campesino tiene a su terruño o a la casa en donde ha nacido, se ha criado”⁴⁰. Non resulta estraña esta conexión de Rosalía coa calma e tranquilidade que nela espertaba o antigo mosteiro, o seu claustro e a súa finca, pois non debemos esquecer que boa parte da súa vida estivo relacionada co antigo concello. Así por exemplo, a autora naceu nun lugar antigamente chamado As Barreiras, que lindaba con Santiago e pertencía ao concello de Conxo. Ademais, malia que non puido testificarse de momento, é moi probable que Rosalía de Castro estivera presente no Banquete de Conxo⁴¹, considerado como un dos acontecementos fundacionais do Galeguismo.

En termos xerais podemos sinalar que *El primer loco. Cuento extraño* é: “[...] un texto cuya extrañeza radica, precisamente en su ambigua lectura de los discursos de verdad, que deja traslucir una posición crítica respecto a las estructuras de poder”⁴². En efecto, ao longo das páxinas Rosalía, tomando como fonte de inspiración os debates que dende 1862

⁴⁰ CASTRO, R. *op. cit.*, pp. 9-10.

⁴¹ GONZÁLEZ, E. (2016), “Rosalía e a psiquiatría galega (espazo Conxo)”, *Siso-Saúde*, p. 289.

⁴² DEL POZO, A. (2014), “Reescrituras del caso clínico: *El primer loco* de Rosalía de Castro”, en ÁLVAREZ, R., ANGUEIRA, A., DO CEBREIRO, M. e VILAVEDRA, D. (coords.), *Rosalía de Castro no século XXI: unha nova ollada* (pp. 942-955), Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, p. 952.

se producían en torno á conveniencia de construír un establecemento psiquiátrico en Galicia, realiza unha serie de críticas e demandas empregando como medio transmisor as vivencias dos seus personaxes: Luis, Pedro, Berenice e Esmeralda. Cada un destes xoga un papel crucial nunha obra orientada a denunciar a estrutura social imperante na época e a ilustrar a necesidade e conveniencia de empregar as antigas dependencias do mosteiro de Conxo para asistir aos dementes das catro provincias galegas. Así, tras unha aparente novela romántica agóchanse denuncias, críticas e preocupacións ás que soamente se pode acceder mediante unha lectura “entre liñas” da historia.

Luis constitúe o protagonista da novela, un personaxe afectado pola tolemia causada por unha aventura amorosa frustrada, que Rosalía describe da seguinte maneira: “[...] en realidade, era imposible comprender, al verle, si una enfermedad mortal le devoraba ocualmente, o se hallaba en terrible lucha consigo mismo y con cuanto le rodeaba [...] fluctuando siempre entre lo real y lo fantástico, entre lo absurdo y lo sublime, dijérase que hablaba como escribía Hoffman”⁴³. Grazas a este personaxe Rosalía amosa unha idea común na época, a relación existente entre a tolemia e a calidade na produción das artes, é dicir, que da man da patoloxía mental viaxaba unha gran capacidade para narrar e escribir⁴⁴. A antítese de Luis, represéntaa Pedro, un personaxe que a autora necesita para incluír na novela o modelo de sociedade decimonónica⁴⁵, en especial, no relativo aos roles de xénero.

A través do diálogo entre Luis e Pedro, nárrasenos as peripecias dos dous personaxes femininos, Berenice e Esmeralda, de tal maneira que sempre son a memoria ou o recordo de Luis os medios que lle permiten ao lector coñecer a participación de ambas mulleres na historia que ten entre as súas mans. Se Luis e Pedro representaban dúas figuras antagónicas, tolemia fronte razón, as femininas deixan ao descuberto dúas estruturas socioeconómicas diferentes na sociedade do século XIX. Deste xeito, Berenice preséntasenos como unha dama da alta sociedade que, amparada e protexida pola súa familia, amizades e clase social, conta con certa educación e cunhas metas de vida acordes

⁴³ CASTRO, R. *op. cit.*, p. 11.

⁴⁴ DEL POZO, A. *op. cit.*, p. 949.

⁴⁵ FERNÁNDEZ, M^a. S. (2002), “El primer loco de Rosalía de Castro: un calidoscopio femenino”, *Moenia*, p. 38.

coa súa posición social⁴⁶. Contrariamente, Esmeralda constitúe unha pobre pastora, que desempeña o seu traballo a fin de obter vestido e comida, e encóntrase nun ambiente hostil, pois carece de nai e do seu pai só recibe maltrato e abandono. Obviamente, as diferenzas destes personaxes sérvenlle á autora como pretexto para realizar unha denuncia respecto á desigualdade social da época⁴⁷. Así, aínda que Luis recoñece certa proximidade fisiolóxica entre ambas mozas, o certo é que el mesmo é consciente das diverxencias que as distancian: “¿Por qué, por qué me la recuerdas tan vivamente, si entre tú y ella media la inmensidad? ¡Si ella [Berenice] es el complemento de las celestiales dichas, y tú [Esmeralda] sólo lodo y podredumbre!”⁴⁸.

Os personaxes da novela sérvenlle tamén á escritora para realizar unha crítica contra a dobre moral imperante na época, que determinaba unha actitude da sociedade totalmente contraditoria ante un mesmo comportamento en función de se quen o realizaba era unha muller ou un home. Así por exemplo, Rosalía ilustra como Berenice recibe reproches por rexeitar a Luis, mentres este non é castigado por actuar da mesma maneira con Esmeralda⁴⁹.

Ao carón das peripecias de Luis, das súas namoradas e do seu amigo Pedro, Rosalía retrata detalladamente as principais encrucilladas da tolemia na Galicia do século XIX. Isto sérvelle como argumento para cumprir cun dos verdadeiros fins da obra, deixar constancia da necesidade imperante no pobo galego de contar co seu propio establecemento psiquiátrico, así como da conveniencia do antigo mosteiro de Conxo como o espazo no que cumprir con este reclamo.

Como é habitual nas obras de Rosalía de Castro, a tradición e a cultura galega ocupan un lugar privilexiado. Esta tendencia permitiulle á autora mostrar a concepción que a sociedade galega do século XIX tiña da tolemia, unha noción na que seres como o demo ou os espíritos desempeñarían un papel destacado na xénese dos trastornos mentais, e a ciencia ocuparía un lugar secundario fronte aos exorcismos na súa curación. O propio Luis, malia pertencer a un rango social excéntrico respecto a este tipo de crenzas

⁴⁶ De acordo aos roles de xénero desa época, estas metas correspondían coa asunción por parte da muller das súas tarefas como esposa e nai, de aí que Berenice contraía matrimonio cun neoyorquino de boa posición económica.

⁴⁷ FERNÁNDEZ, M^a. S. *op. cit.*, pp. 39-40.

⁴⁸ CASTRO, R. *op. cit.*, p. 89.

⁴⁹ FERNÁNDEZ, M^a. S. *op. cit.*, p. 38.

populares, acaba mesturándose co pobo neste mundo fantástico, recoñecendo o valor do exorcismo fronte á medicina na solución das patoloxías mentais. Así, ao longo da novela encontrámonos con múltiples referencias a esta interpretación da tolemia:

“No tardó en sorprenderme la visita del médico, a quien con toda la cortesía que me fue posible le hice saber que con mi enfermedad, hija del cansancio y disgusto moral, nada tenía que ver la ciencia”⁵⁰.

“¿Por qué no hemos de perdonarles que acudan a lo que llamamos remedios supersticiosos (que ellos tienen, sin embargo, por espirituales y santos), cuando los materiales de nada les ha servido ni nada les ha aliviado?”⁵¹.

“En aquel momento dieron aviso de que podían dirigirse a la iglesia los enfermos que habían de ser exorcizados, y yo fui en pos de ellos como uno de tantos, impulsado por secreta fuerza y sin saber por qué iba”⁵².

“[...] de aquellos maleficios, aparecidos y fantasmas, de los cuales nuestros campesinos murmuran en silencio al pie del hogar, mientras el fuego que en él arte templea a la par que alumbraba, de una manera a propósito para ver visiones y sombras los supersticiosos”⁵³.

“El hombre con toda su ciencia y su razón, con todos sus presentimientos y adivinaciones, con toda la luz de su inteligencia, en fin, es y será siempre incapaz de penetrar en el fondo de tales misterios”⁵⁴.

En contraste con esta concepción máis tradicional da tolemia, partidaria da súa cura á marxe da ciencia e da medicina, Rosalía de Castro preséntanos unha interpretación máis próxima á medicina da época, partidaria de recluír ao demente nun establecemento psiquiátrico para proceder ao seu tratamento e rexeneración social⁵⁵. Consciente da ausencia e necesidade dunha institución destas características no territorio galego, a autora defende (e demanda) na súa novela a importancia de desenvolver un labor social ao respecto. Así, en Luis emana este sentimento tras escoitar as palabras do seu moribundo tío, que o alenta a levar a cabo algunha obra humanitaria que repercute

⁵⁰ CASTRO, R. *op. cit.*, p. 45.

⁵¹ *Ibid.*, pp. 18-19.

⁵² *Ibid.*, p. 76.

⁵³ *Ibid.*, p. 110.

⁵⁴ *Ibid.*, p. 113.

⁵⁵ DEL POZO, A. *op. cit.*, p. 945.

favorablemente na terra na que naceu. Decide entón Luis consagrar a súa fortuna en converter o antigo mosteiro de Conxo nun espazo no que acoller a todas aquelas persoas que, como el, estaban afectadas por algún tipo de patoloxía mental, isto é: “[...] Conjo será lo que yo quiero: refugio de almas como la mía, agobiadas por insuperables dolores, lugar de quietud para gentes que, como yo, amen estas hermosas alamedas y estos campos, siempre frescos y sonrientes”⁵⁶.

Pero, sobre todo, Rosalía manifesta que a conversión do antigo mosteiro de Conxo en manicomio era imprescindible para solucionar dous problemas existentes na Galicia do século XIX en relación co ámbito da tolemia: a actitude da sociedade da época con respecto a todas aquelas persoas que distaban da norma xeral, entre os que obviamente, se encontraban os dementes; e a necesidade das provincias de enviar e soste os seus dementes en manicomios distribuídos por toda España, provocando unha separación interminable entre o enfermo e as súas familias. Polo tanto, nunhas breves liñas Rosalía ilustra á perfección a esencia da asistencia aos enfermos mentais na Galicia do século XIX: “¡Pobres dementes! ¡Tener que dejarlos vagar errantes por calles y caminos, hambrientos y desnudos, o arrancarles de su hermoso país para llevarles a más ingratos climas, entregándolos a extrañas manos, sin que los que les aman puedan velar por sus tristísimas existencias!”⁵⁷.

Conclusión

Ao longo deste traballo ilustramos como Juana de Vega e Rosalía de Castro puxeron o seu gran de area para converter o antigo mosteiro de Conxo nun manicomio, porque tiñan esperanza de que este proxecto puidese modificar a situación dos enfermos mentais galegos. Non obstante, tanto Juana de Vega como Rosalía de Castro deixaron este mundo sen ver cumprido o seu desexo. Con todo, os seus escritos e as súas demandas non quedaron en “papel mollado”, pois no 1874 o arcebispo compostelá Miguel Payá y Rico fíxose cargo persoalmente do proxecto, empregando a súa propia fortuna para comezar as obras. Finalmente o manicomio de Conxo recibiu o seu primeiro paciente o 19 de xullo de 1885⁵⁸. Iniciábase así a manicomialización e medicalización da tolemia en Galicia, unha nova etapa que foi determinante para o avance psiquiátrico galego, ata o punto de

⁵⁶ CASTRO, R. *op. cit.*, p. 115.

⁵⁷ *Ibid.*, p. 114.

⁵⁸ SIMÓN, D. (2005), *Locura, medicina y sociedad: Ourense (1875-1975)*, Ourense: Fundación Cabaleiro Goás, pp. 52-53.

que este manicomio chegou a ser un dos establecementos máis importantes de todo o país non só no século XIX, senón tamén no XX.

Aínda que esta apertura supuxo unha progresión respecto á concepción espiritual e “fantástica” da tolemia que reinou en Galicia sobre todo a comezos do século XIX, o certo é que propiciou unha serie de prácticas que xa se producían antes da creación do manicomio, e que foron empregadas por Juana de Vega e Rosalía de Castro como argumentos nas súas demandas. Deste xeito, os diversos traballos⁵⁹ realizados en torno a esta institución poñen de manifesto as elevadas taxas que as provincias galegas debían pagar ao novo establecemento pola custodia e asistencia aos seus dementes, uns prezos que foron variando ao longo da historia do manicomio, e que incluso chegaron a provocar que no 1907 a Deputación de Lugo recuperara a tradición de enviar aos seus enfermos a institucións doutras zonas de España. A maiores, seguiu persistindo a reclusión de dementes en cárceres, hospitais provinciais, asilos, etc, onde esperaban a súa quenda para o ingreso no psiquiátrico en pésimas condicións de hixiene e seguridade. Todo este panorama estaba provocado pola titularidade do manicomio, pois ao ser creado pola Mitra Compostelá, o establecemento pertencía á Igrexa e aos accionistas que aportaron capital para realizar as modificacións e ampliacións respecto do edificio orixinal no século XX.

Polo tanto, o manicomio de Conxo distaba moito do espírito filantrópico e benéfico que caracterizou ás obras de Juana de Vega, e da sensación de calma e refuxio de almas atormentadas que percibía e reflectía Rosalía de Castro a través do seu personaxe Luis. En consecuencia, as chaves que abriron as portas do manicomio por primeira vez aquel 1 de xullo de 1885, pecharon as esperanzas que ambas mulleres puxeran no proxecto que botara andar coa visita da raíña Isabel II no 1858.

Malia todo, esas chaves tamén abriron o camiño da ciencia e da psiquiatría en Galicia. Un camiño que non sería posible sen a entrega de Juana de Vega ao territorio que a viu nacer e crecer, así como a posta en valor realizada por Rosalía de Castro daquel claustro e lugar onde tantas tardes encontrou o sosego e a paz interior necesaria para dar renda solta á súa imaxinación poética e literaria.

⁵⁹ Moitos foron citados ao longo deste artigo, entre os que podemos sinalar as obras de: COUSELO, A. (2001); FERNÁNDEZ, A. (2022); GAGO, J. A. e GAGO, A. M. (2010); GONZÁLEZ, E. (1977); SIMÓN, D. (2005); ou TORRES, M. (2010).

A historia (ou o destino) non permitiu que ningunha das dúas viran cumprido o seu soño dunha Galicia sen dementes abandonados en manicomios foráneos ou deambulando por rúas, domicilios, asilos, hospitais provinciais, cárceres... Foi imposible para Juana de Vega, finada o 22 de xuño de 1872. Rosalía puido tocar coas xemas dos seus dedos a apertura do manicomio, pois malia a súa enfermidade, seguramente foi consciente do inicio das obras e, de feito, foi tratada polo médico que días despois da súa morte se convertería no primeiro director do manicomio de Conxo, Timoteo Sánchez Freire⁶⁰. Con todo, a vida da ilustre escritora galega apagouse o 15 de xullo de 1885, catro días antes da chegada ao manicomio de Conxo do seu primeiro paciente. En definitiva, a pesar dos seus esforzos ningunha destas mulleres puideron ser testemuña de: “[...] *El primer loco* que habitó en aquel lugar de soledad”⁶¹.

⁶⁰ POMAR DE LA IGLESIA, F. (2004), *Santiago y Rosalía de Castro*, Barcelona: Ronsel, p. 101.

⁶¹ CASTRO, R. *op. cit.*, p. 122.

Bibliografía

- APARICIO, V. e SÁNCHEZ, A. E. (1997), “Norma y ley en la psiquiatría española (1822-1986)”, en APARICIO, V. (coord.), *Orígenes y fundamentos de la Psiquiatría en España* (pp. 21-42), Madrid: ELA.
- CABO, F. (2014), “Entre Lérmonov e o gótico de fin de século: as dúas novelas últimas de Rosalía”, en ÁLVAREZ, R., ANGUEIRA, A., DO CEBREIRO, M. e VILAVEDRA, D. (coords.), *Rosalía de Castro no século XXI: unha nova ollada* (pp. 603-620), Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- CAMPOS, R. e HUERTAS, R. (1998), “Estado y asistencia psiquiátrica en España durante el primer tercio del siglo XX”, *Asociación Española de Neuropsiquiatría*, nº 65, pp. 99-108.
- CASTRO, R. (2008), *El primer loco. Cuento extraño*, Madrid: Eneida.
- COUSELO, A. (2001), “Una aproximación a la asistencia social al loco en la Galicia del XIX: el Sanatorio de Conxo”, en BALBOA, X. e PERNAS, H. (coords.), *Entre nós: estudos de arte, xeografía e historia en homenaxe ó profesor Xosé Manuel Pose Antelo* (pp. 1093-1110), Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.
- DEL POZO, A. (2014), “Reescrituras del caso clínico: *El primer loco* de Rosalía de Castro”, en ÁLVAREZ, R., ANGUEIRA, A., DO CEBREIRO, M. e VILAVEDRA, D. (coords.), *Rosalía de Castro no século XXI: unha nova ollada* (pp. 942-955), Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- DURÁN, J. A. (ed.), (2006), *Los Vega. Memorias íntimas de Juana de Vega, condesa de Espoz y Mina (Coruña, 1805-1872)*, Madrid: SECC-Fundación Juana de Vega-Taller de ediciones J.A. Durán, pp. 191-333.
- FERNÁNDEZ, A. (2022), “Atención psiquiátrica en Galicia en el siglo XIX: crónica sobre la fundación del «Manicomio de Conxo»”, *Cultura de los Cuidados: Revista de Enfermería y Humanidades*, nº 62, pp. 52-68.
- FERNÁNDEZ, C. (1993), *Juana de Vega, Condesa de Espoz y Mina (biografía)*, A Coruña: Fundación Juana de Vega.

FERNÁNDEZ, M^a. S. (2002), “*El primer loco* de Rosalía de Castro: un calidoscopio femenino”, *Moenia*, nº 8, pp. 37-41.

GARCÍA, L. (2011), “Rosalía de Castro agonista. Diálogos protagonista y antagonista con la ciudad de Santiago de Compostela”, *Ángulo Recto. Revista de estudios sobre la ciudad como espacio plural*, nº 2, pp. 51-67.

GONZÁLEZ, E. (1995), *Historia de la locura en España. Tomo II*, Madrid: Temas de Hoy.

(1996), *Historia de la locura en España. Tomo III*, Madrid: Temas de Hoy.

GONZÁLEZ, E. (2016), “Rosalía e a psiquiatría galega (espazo Conxo)”, *Siso-Saúde*, nº 58-59, pp. 287-291.

GONZÁLEZ, E. e SIMÓN, D. (2001), “Una historia de la psiquiatría gallega en el siglo XX”, *Archivos de Psiquiatría*, nº 2, pp. 101-136.

Lei de Beneficencia do 20 de xuño de 1849, *Gaceta de Madrid*, nº 5398, 24 de xuño de 1849.

PLUMED, J. J. e ROJO, L. M. (2016), “El tratamiento de la locura entre los siglos XIX y XX: los discursos sobre la cura en la medicina mental española, 1890-1917”, *História, Ciências, Saúde-Manguinhos*, nº 4, pp. 985-1002.

POMAR DE LA IGLESIA, F. (2004), *Santiago y Rosalía de Castro*, Barcelona: Ronsel.

Real Decreto do 19 de maio de 1885, *Gaceta de Madrid*, nº 141, 21 de maio de 1885.

Reglamento Xeral do 14 de maio de 1852 para a execución da Lei de Beneficencia do 20 de xuño de 1849, *Gaceta de Madrid*, nº 6537, 16 de maio de 1852.

REY, A. (1997), “La psiquiatría en la España del siglo XIX”, en APARICIO, V. (coord.), *Orígenes y fundamentos de la Psiquiatría en España* (pp. 43-53), Madrid: ELA.

RODRÍGUEZ, M. (2003), *Juana de Vega, entre Acevedo y San Pedro de Nós: vida y obra de una mujer ejemplar*, Iñás-Oleiros: Trifolium.

SIMÓN, D. (2002), “Las celdas de dementes del Hospital Provincial: Ourense, 1896-1897 (Apuntes sobre la hospitalización psiquiátrica en la España periférica del fin del siglo XIX)”, *Frenia*, nº 2, pp. 49-75.

-(2005), *Locura, medicina y sociedad: Ourense (1875-1975)*, Ourense: Fundación Cabaleiro Goás.

SIMÓN, D., BUSTOS, T. e ESTÉVEZ, X. (2015), ““Interín no pasen al manicomio...”. Locura y reclusión en Galicia-España (finales siglo XIX y primeros años siglo XX)”, *Revista de la Asociación Española de Neuropsiquiatría*, nº 125, pp. 93-110.

TORRES, M. (2010), “Cuentas del manicomio de Conxo: 1885-1924. Historia de un préstamo hipotecario”, *Siso-Saúde*, nº 50, pp. 27-49.

VEIGA, X. R. (2018), “Modelos de feminidad con varón al fondo. Juana de Vega, condesa de Espoz y Mina, en la cultura política progresista del siglo XIX”, *Historia Contemporánea*, nº 56, pp. 47-80.